

**ACTA DE DITAME DO XURADO DO XXV PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS,  
XI PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E XIV PREMIO BARRIGA  
VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES**

LUGAR: Biblioteca de Galicia, sala 1 (Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, Santiago)

DATA: 3 de novembro de 2020

HORA DE COMEZO: 16.00 h

HORA DE REMATE: 21.30 h

ASISTENTES: María del Carmen Armesto Fanego, Paula Carballeira Cabana, María José Noya Ansede, Avelina Pérez Pérez, María Larraitz Urruzola Tolosa, Carlos Cayetano Vizcaíno Fernández e Marcelina Calvo Domínguez

- Seguindo as bases da convocatoria do XXV premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, XI Manuel María de literatura dramática infantil e XIV Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (establecida por medio da resolución do 25 de novembro de 2019 e publicada no DOG do 5 de decembro de 2019, nº 232), o xurado, constituído, segundo a resolución da dirección da Agadic do 17 de xuño de 2020, polos membros que se relacionan a continuación, reúne para emitir o seu ditame.
  - María José Noya Ansede, presidenta
  - María del Carmen Armesto Fanego, vogal
  - Paula Carballeira Cabana, vogal
  - Avelina Pérez Pérez, vogal
  - María Larraitz Urruzola Tolosa, vogal
  - Carlos Cayetano Vizcaíno Fernández, vogal
  - Actúa como secretaria, Marcelina Calvo Domínguez
- Segundo o estipulado na base terceira da convocatoria, os textos presentados baixo os títulos *Trampa para paxaros* (AC01), *O tsunami* (AC20) e *Unha vida Edna* (AC21) quedan fóra do proceso ben por ter sido representados anteriormente (AC21) ou resultar premiados noutros concursos ou convocatorias durante o proceso de resolución (AC01 e AC20).
- Valorados os textos presentados ao premio ÁLVARO CUNQUEIRO, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **XXV premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais** ao texto presentado baixo o título ***As desterradas*** (AC35).

Comprobado o expediente correspondente, AC35, a gañadora resulta ser **María do Carme Varela Rodríguez**.

Salienta o xurado o traballo requintado de preocupación estilística, a súa boa estrutura e a interesante construción dos personaxes que, detrás dunha aparente sinxeleza, amosan unha profundidade psicolóxica que individualiza os conflitos ao tempo que proporciona unha perspectiva coral dos acontecementos.

O contido do texto, sendo de grande carga histórica, chega con claridade grazas ao seu ton, ritmo, musicalidade, sutileza na sintaxe e un espazo dramático capaz de construír diferentes atmosferas que deixan



ver a resiliencia das mulleres e o seu empoderamento, en paralelo ao da propia identidade colectiva galega.

É toda unha proposta de elaboración e fabulación sobre un material histórico, que colle forma grazas á construción de personaxes, narrativas e situacións nas que acontecen os diálogos.

- Valorados os textos presentados ao premio MANUEL MARÍA, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, por maioría, decide declarar deserto o **XI premio Manuel María de literatura dramática infantil**, segundo a prerrogativa que lle concede a base oitava da convocatoria.

O xurado decide deixar deserto o Premio Manuel María de literatura dramática infantil, por maioría de catro votos contra dous, non só pola escasa calidade dos orixinais presentados senón tamén pola pouca adecuación ás características do premio, ben por estar explicitamente destinados para ser feitos nos centros de ensino polo alumnado ou ben por ser explicitamente para público xuvenil.

O xurado, á vista deste último extremo, suxírelle á Agadic a inclusión desa franxa de idade no premio Manuel María en próximas convocatorias e que se convirta en Premio Manuel María de literatura dramática infantil e xuvenil.

- Valorados os textos presentados ao premio BARRIGA VERDE, modalidade adultos, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **XIV premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos**, ao texto presentado baixo o título **República Sideral** (BVA12).

Comprobado o expediente correspondente, BVA12, a gañadora resulta ser **María Esther Fernández Carrodegas**.

O xurado destaca o humor deste texto e a boa caracterización dos personaxes, así como a potencialidade escénica e a súa adecuación á modalidade do premio, cunha estrutura sólida, dinámicas moi áxiles –con concreción dos obxectos empregados nun deseño dos movementos moi limpo– e réplicas sinxelas mais mordaces, polo que resulta idóneo para propiciar un diálogo interxeracional sobre feitos históricos.

Saliéntase igualmente a exitosa integración no diálogo das persoas manipuladoras, así como a incorporación maxistral dos elementos propios da cachaporra –con mocadas e pelexas sen escrúpulos.

- Valorados os textos presentados ao premio BARRIGA VERDE, modalidade para rapaces, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **XIV premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces**, ao texto presentado baixo o título **Pois eu!** (BVI02).

Comprobado o expediente correspondente, BVI02, o gañador resulta ser **Juan Carlos Losada Galiñanes**.

O xurado destaca en *Pois eu!* a calidade da escrita dramática, na que os monicreques son os verdadeiros protagonistas, e o tema central reflicte a súa capacidade para levar adiante unha ficción teatral mediante o xogo escénico imaxinativo e eficaz coas convencións e a súa relación tanto co personaxe que dirixe coma co público. Nunha estrutura complexa pero coherente, esta proposta metateatral artella diferentes tramas que, con gran sentido rítmico, remiten desde ao fantástico nos ecos da tradición artúrica, ata a unha sutil sátira política. A inclusión do tema da identidade de xénero foxe de didactismos e intégrase no conflito de maneira transversal. Cabe resaltar tamén, entre outros aspectos, a vontade de que resoe a lingua medieval nalgúns diálogos, os referentes á cultura popular galega de diferentes épocas e o innegable sentido do humor, tanto nas situacións coma nas réplicas.





## XXV PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS

| Exp. | Título/lema                                      | Puntuación |
|------|--------------------------------------------------|------------|
| AC01 | Trampa para paxaros                              | —          |
| AC02 | Mamá Souvenir                                    | 48         |
| AC03 | Poesía / Avidio Casio                            | 53         |
| AC04 | Algúns nacen para a noite interminable           | 38         |
| AC05 | Corporación                                      | 54         |
| AC06 | Cesión de montura / Algo hai que cambiar         | 35         |
| AC07 | Un bo pai                                        | 57         |
| AC08 | Entelequias                                      | 38         |
| AC09 | Noite no deserto / Horst                         | 67         |
| AC10 | Conto do bambán / Doutor Alveiros                | 55         |
| AC11 | Mentiras da clase obreira / Palacios             | 58         |
| AC12 | O libre arbitrio fai voz grosa mais saíu falsete | 44         |
| AC13 | Acrílico sobre madeira                           | 53         |
| AC14 | Á beira do mar                                   | 40         |
| AC15 | Os diarios de Bernard Grossman                   | 49         |
| AC16 | Reset. Historias dende un futuro roubado         | 39         |
| AC17 | Partida salvada / Benposta                       | 40         |
| AC18 | Jonbar / Humpty Dumpty                           | 56         |
| AC19 | 1846                                             | 53         |
| AC20 | O tsunami                                        | —          |
| AC21 | Unha vida Edna                                   | —          |
| AC22 | Píntega perdida en azul autoestrada              | 43         |
| AC23 | Ice                                              | 62         |
| AC24 | Esperanza                                        | 69         |
| AC25 | Todas as illas son unha illa                     | 51         |
| AC26 | Estulticia                                       | 45         |
| AC27 | Cadáver futuro                                   | 53         |
| AC28 | Avelaionas e avelaíñas                           | 48         |
| AC29 | Profetas / Odette de Spritz                      | 71         |
| AC30 | Segunda morte                                    | 68         |
| AC31 | O Rocho                                          | 53         |
| AC32 | A praza vella                                    | 35         |
| AC33 | A voz tomada                                     | 51         |
| AC34 | Sophie non é o meu nome de guerra                | 61         |
| AC35 | As desterradas / Volverán os sorrisos a Albeos   | 74         |
| AC36 | As teas de araña do horizonte                    | 68         |
| AC37 | Conxo, non restraint                             | 56         |
| AC38 | Pleonasmos ou os seriais episódicos              | 50         |
| AC39 | Spleen. Bailando un Fox-Trot con Baudelaire      | 38         |
| AC40 | Ulular, sete subíos dunha morte celular          | 35         |
| AC41 | Stand By (Estado de repouso)                     | 42         |
| AC42 | Levar as de perder                               | 48         |
| AC43 | The Witch. Un espectáculo-ritual                 | 44         |
| AC44 | Maeloc                                           | 47         |
| AC45 | Liña de praia / Area seca                        | 52         |
| AC46 | Café para defuntos                               | 59         |
| AC47 | Vagalumes na tempestade                          | 59         |
| AC48 | Días tristes / Lano de Milda                     | 55         |
| AC49 | Betelxeuse / Morgen augsburg                     | 68         |
| AC50 | Noite de azaleas / Pandemia                      | 51         |





## **XI MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL**

| Exp. | Titulo/lema                                           | Puntuación |
|------|-------------------------------------------------------|------------|
| MM01 | Un desexo máis / Unicornios e bolboretas              | 40         |
| MM02 | O agasallo / Eva Harrington                           | 43         |
| MM03 | As galiñas escoitan jazz                              | 44         |
| MM04 | Tina, Sebas e Roi                                     | 48         |
| MM05 | Antonio e Manuela. Un negocio de leites!              | 44         |
| MM06 | Escolma para 4 / Aureae                               | 31         |
| MM07 | Unha DeMitos / Ágora gora                             | 29         |
| MM08 | Unha rapsodia poemía                                  | 23         |
| MM09 | Onde está o papá?                                     | 13         |
| MM10 | Donas de nós / Xograresa                              | 45         |
| MM11 | Choven flores!                                        | 31         |
| MM12 | O neno que se agochaba dentro dunha caixa de galletas | 47         |
| MM13 | Ícaras                                                | 48         |
| MM14 | A illa luminosa                                       | 45         |
| MM15 | A rexión escura                                       | 40         |
| MM16 | Unha de piratas                                       | 38         |
| MM17 | A lúa, Pam e Po                                       | 48         |
| MM18 | Palabras                                              | 42         |
| MM19 | Parece que vai chover / Lérias                        | 49         |
| MM20 | Catabún / Faros en terra                              | 39         |
| MM21 | O fillo do garda                                      | 25         |
| MM22 | Eu tamén voar                                         | 34         |

## **XIV BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES modalidade adultos**

| Exp.  | Titulo/lema                                    | Puntuación |
|-------|------------------------------------------------|------------|
| BVA01 | Edipo raíña (comedia musical) / Ana Karerina   | 51         |
| BVA02 | Cantou o galo / Monicreque                     | 55         |
| BVA03 | Bonecos / Alicia Liddell                       | 53         |
| BVA04 | Un pozo para papá                              | 52         |
| BVA05 | O mundo treme (Commedia della morte) / Goldoni | 63         |
| BVA06 | Cando as xirafas soñan con elefantes           | 55         |
| BVA07 | Mosaico de anxos despois do combate            | 54         |
| BVA08 | Historia dun pobo                              | 52         |
| BVA09 | Mitos                                          | 39         |
| BVA10 | A galega inglesa                               | 43         |
| BVA11 | Unha coma vós                                  | 45         |
| BVA12 | República Sideral                              | 65         |
| BVA13 | Barriga Verde e o testamento do cachorro       | 40         |
| BVA14 | Maseira                                        | 48         |
| BVA15 | Momentos apocalípticos, revolucións obsoletas  | 60         |



**XIV BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES modalidade infantil**

| Exp.  | Titulo/lema                                            | Puntuación |
|-------|--------------------------------------------------------|------------|
| BVI01 | O traballo do lobo / Feroz                             | 62         |
| BVI02 | Pois eu!                                               | 76         |
| BVI03 | Os contos do Lobicán                                   | 53         |
| BVI04 | Piollos ao rescate!                                    | 41         |
| BVI05 | Malena                                                 | 59         |
| BVI06 | A nena que abrazaba as árbores                         | 39         |
| BVI07 | Albores ás beiras                                      | 40         |
| BVI08 | Onde habitan os medos                                  | 43         |
| BVI09 | O segredo dos peixes                                   | 48         |
| BVI10 | Xiana e a morte                                        | 56         |
| BVI11 | Camiño de Camariñas                                    | 46         |
| BVI12 | Colorete                                               | 62         |
| BVI13 | Queixoland                                             | 75         |
| BVI14 | Malentendido                                           | 48         |
| BVI15 | República sideral                                      | 62         |
| BVI16 | Alex / Nora                                            | 57         |
| BVI17 | Pinga de sol                                           | 46         |
| BVI18 | Batería baixa                                          | 38         |
| BVI19 | A historia da fabulosa barriga da tartaruga Burkulakas | 38         |
| BVI20 | Albania e a gran chave de Valdumia                     | 63         |

Rematado o proceso, levántase a sesión ás 21.30 horas

María José Noya Ansede  
Presidenta

Marcelina Calvo Domínguez  
Secretaria